



## **A Presidencia do Parlamento xestionará o acceso dos convidados á tribuna do hemiciclo**

- Logo dos últimos sucesos rexistrados no Pleno, os grupos deixarán de xestionar os seus convidados
- A presidenta da Cámara resérvase a adopción de calquera outra medida conforme ao regulamento

**Santiago 25 de xaneiro de 2013.-** O cupo de convidados á tribuna do hemiciclo que ata de agora xestionaba directamente cada un dos grupos políticos será administrado, a partir do vindeiro Pleno, pola Presidencia da Cámara. A decisión foi adoptada por Pilar Rojo logo dos últimos incidentes rexistrados na Cámara e foi comunicada nunha reunión celebrada este mediodía.

Con esta primeira medida, a presidenta do Parlamento busca asegurar o mantemento da orde no Plenos da Cámara e garantir os dereitos do conxunto dos deputados.

“Por suposto que haberá convidados; o Parlamento non debe ser un órgano pechado, pero si un lugar no que imperen o respecto e os principios democráticos”, afirma Pilar Rojo en relación con esta decisión.

Pilar Rojo trata de evitar, deste xeito, a adopción de decisións máis contundentes, como podería ser a supresión do público na tribuna, medida que se axustaría ao Regulamento do Parlamento de Galicia e mesmo foi adoptada en datas recentes noutras Cámaras lexislativas.

Con todo, a presidenta do Parlamento resérvase o dereito a adoptar calquera outra decisión conforme ao Regulamento da Cámara e demais normas de aplicación co obxectivo de preservar o normal funcionamento da institución.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia